

Día do Libro 2023

BIBLIOTECA DO MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE
SANTIAGO

Novidades xaneiro-marzo. Selección bibliográfica

CAMIÑOS CREATIVOS



Exposición celebrada no marco do Xacobeo, como despedida deste, no Museo Centro Gaiás sobre o feito de camiñar e as súas vinculacións coa arte. Nos últimos tempos estase a desenvolver toda unha filosofía arredor do acto de camiñar, seguindo a senda marcada por autores como Henry Thoreau. Nesta liña, esta mostra explora novas posibilidades e relacións do Camiño de Santiago, analizando o nexo entre o movemento e as artes.

Divídese en catro bloques temáticos:


- Desprazarse para crear. Obras de arte que non existirían se os seus creadores non saíran dos seus estudos.
- Desprazamentos creativos. Camiñar pode ser unha acción creativa autosuficiente.
- Arte en marcha. Cando as obras se moven.
- Desprazar ao público. A propia obra en ocasións pide ao espectador que se desprace para descubri-la.

Entre as obras expostas hai pezas de artistas como Constable, Turner, Courbet ou algúns contemporáneos como Cristina García Rodero, Hockney, Cristina Iglesias ou Jesús Rafael Soto, entre outros. A interacción e o diálogo co público é un dos piares desta mostra, que busca a sorpresa, a reacción e o movemento humano para completar o acto da creación.

DOMINGO DE ANDRADE, A INVENCIÓN DO BARROCO

A arte barroca compostelá e galega non se entendería sen a figura de Domingo de Andrade, arquitecto nacido na localidade coruñesa de Cee en 1639. O seu estilo está ligado á cidade de Santiago, donde deixou as maiores demostracións da súa creatividade. O ano 2020 a Real Academia Galega de Belas Artes dedicoulle o Día das Artes Galegas, efeméride que se prolongou ata o 2021 pola epidemia de covid.


Para conmemorar este acontecemento, édítase esta publicación na que especialistas na materia amósannos os últimos descubrimentos sobre este arquitecto e a súa obra.




GALICIA, REIS E REINO

Obra de divulgación na que coñecidos especialistas na Idade Media de Galicia introducen ao lector neste período, dunha forma sucinta, rigorosa e amena, co obxectivo de incentivalo para afondar nel.

A publicación divídese en varias seccións: Presentación _ O brasón do Reino de Galicia e a cultura medieval europea _ Galicia. Reis e reino _ Manuscritos con información sobre o Reino de Galicia



GÁRGOLAS DE COMPOSTELA



Selección de trinta gárgolas de Compostela, as máis singulares destas máscaras pétreas. Co precedente no tamén moi interesante folleto *Gorgeos de gárgola*, o autor describe estas pezas de canteiro, “caprichos de canteiro” chámalles, elixíndoas de entre as arredor de trescentas que acolle a cidade, unha das localidades monumentais cunha maior densidade destes desaugues esculpido de Europa.

Baleas con escamas, aguias e mouchos, contorsionistas, bestas, sereas, cervos e onagros, grifóns, gorgonas e moitos máis asoman nas cornisas de Santiago dun xeito provocativo, divertido, irreverente, maxestuoso ou, simplemente, belo.

Unha moi interesante publicación para quen queira coñecer a cidade dende outra perspectiva.

L'ITINERARIO DI BARTOLOMEO FONTANA



Narración da viaxe dun peregrino italiano do século XVI, de orixe veneciana e mestre de profesión. Un *homo viator* do Renacemento, que emprende unha peregrinación cunha intensa carga devocional, na que chega tamén a outros lugares de culto como Roma, Loreto, Asís, Perugia e, xa en Galicia, Santiago, Padrón, Muxía e Fisterra.

É o primeiro escritor de literatura odepórica que describe con detalle a Catedral de Santiago, os lugares de culto atlánticos e o milagre do aforcado.

UN FRAILE DE MISA Y OLLA POR EL CAMINO DE SANTIAGO

Relato da viaxe a Compostela que fixo en 1583 o fraile agustino Cristóbal Monte Maggio de Pésaro. Trátase dun relixioso italiano sen intereses culturais ou literarios, o que lle da o valor de aportar a visión da peregrinación do “home común” da época.


Trátase dun texto ata agora descoñecido e críticamente inexplorado, coñecido grazas á transcrición realizada por Ludovico Zacconi, o seu irmán de relixión. A edición crítica e a tradución corre a cargo da catedrática da Universidad para Extranjeros de Perugia Daniela Gambini.



VIAGGIO IN PONENTE A SAN GIACOMO DI GALIZIA

Publicado en Italia en 1673, o seu autor foi Doménico Laffi, clérigo de Bolonia e un dos peregrinos máis relevantes da historia xacobeá. De gran éxito na súa época, reeditouse xa en 1681. De estilo sinxelo, ofrece multitude de datos sobre como era a peregrinación do século XVII, convertíndose nunha fonte imprescindible para coñecer a historia desta. Durante moito tempo o itinerario seguido por el foi guía para numerosos peregrinos que se dirixían a Compostela desde Italia.

De carácter aventureiro, Laffi é tamén autor dos relatos das súas peregrinacións a Lisboa e Xerusalén.




SOCORRER ENSEÑANDO: LA REAL SOCIEDAD ECONÓMICA Y LA LITERATURA ARTÍSTICA EN COMPOSTELA

Obra que ten a súa orixe na tese doutoral da autora sobre a escaleira monumental en Santiago. No seu traballo de documentación descubriu tratados de artes que contiñan os parámetros polos que se guiaron os artistas que traballaron en Compostela do século XV en adiante. Só así explicaríanse edificios e elementos ornamentais que non casan coa tradición local anterior, de orixe medieval.

Estas obras e as bibliotecas que as albergaban, a imprenta, e en concreto a biblioteca da Real Sociedade de Amigos do País de Santiago, cuns fondos procedentes da desamortización de conventos masculinos, son obxecto de estudo neste libro.

Obra gañadora do VII Premio de Ensaio Histórico Domingo Fontán 2022.




EL PEQUEÑO MUSEO MÁS BELLO DEL MUNDO

Guía do Museo de Arte Abstracto Español situado nas Casas Colgantes de Cuenca que abriu as súas portas en 1966. Fundado por Fernando Zóbel, pintor español cunha visión cosmopolita, que obrou ao marxe do Estado contribuindo a insertar a cultura española dentro da modernidade democrática occidental. Institución con especial conexión con Nova Iorque desde os seus inicios, foi denominada por Alfred H. Barr, primer director do Moma, tras unha visita que realizou en 1967, como “o pequeno museo máis belo do mundo”, de aí o título.

Está insertado nunha corrente con gran influencia da cultura estadounidense do momento, que tentaba modernizar e desxerarquizar o país nos tempos finais da ditadura franquista, representada no mundo intelectual por escritores como os poetas novísimos, a música pop (que derivaría na movida dos anos 80) ou novas editoriais que se abrían ao underground anglosaxón como Tusquets e Anagrama, entre outros.

Con obras de Fernando Zóbel, Manolo Millares, Jorge Oteiza, Antoni Tàpies, Eduardo Chillida, José Guerrero, Eva Lootz, Antonio Saura, Rafael Canogar, Gustavo Torner etc.



«El pequeño
museo más bello
del mundo»

A VIDA NA GALICIA DO XVIII: PESCUDA NO ARQUIVO

Publicación do Arquivo do Reino de Galicia sobre a vida na Galicia do século XVIII. Componse de cinco unidades didácticas nas que se enuncian actividades deseñadas como un labor de investigación participativa, utilizando como fontes documentos da época gardados neste arquivo.

Divídense en cinco folletos dedicados respectivamente ás enfermidades, á medicina, ao enxoval, ás casas e á alimentación.

As actividades consisten en transcricións documentais; sopas de letras, cuestionarios e encrucillados sobre o seu contido; e apuntes históricos, fotografías e bibliografía que completan un interesantísimo enfoque didáctico sobre a vida dos galegos do século XVIII.

